

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE MAIO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e catro de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de maio de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de maio de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 5 de maio de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se modifica a Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022 para adaptala ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento CT235A). (Diario Oficial de Galicia número 96, do 19 de maio de 2022).

- Resolución do 9 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 7 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento SI435B, SI435A e SI427B). (Diario Oficial de Galicia número 97, do 20 de maio de 2022).

- Resolución do 20 de maio de 2022, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se resolve o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. (Boletín Oficial do Estado número 121, do 21 de maio de 2022).

Consta a provisión dos postos de Intervención de clase 1ª e Secretaría de clase 1ª do Concello de Cambre.

- Orde do 4 de maio de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A). (Diario Oficial de Galicia número 98, do 23 de maio de 2022).

3º. Expedientes de contratación

Único. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “Jardincelas, S.L.”, adxudicataria do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de gabias de titularidade municipal do Concello de Cambre”. Expediente núm. 13/09-5 SERV

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que o contrato do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de gabias de titularidade municipal do concello de Cambre” foi adxudicado mediante resolución do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación núm. 971, de data 03.07.2013 a Jardincelas, S.L., por importe total de 38.718,16 euros (IVE incluído), formalizándose con data 5 de xullo de 2013. Expediente 13/09-5 SERV (TEDeC 2020/X999/000623)

Visto que no antedito expediente depositouse na tesourería municipal unha garantía definitiva mediante aval bancario con data 03/07/2013 por importe de 3.787,70 euros e con núm. de rexistro 564.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data 28/08/2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 16 de maio de 2022.

A teor do establecido nos artigos 95 e seguintes do texto refundido de la Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Jardincelas,S.L.”, con CIF B15538135 e enderezo no Peiró de Arriba, 16, 15189 Culleredo, A Coruña, no expediente número 13/09-5 SERV, para o “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de gabias de titularidade municipal do Concello de Cambre”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 13 de maio ao día 19 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 862/2022 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 895/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
862/2022	13-05-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de maio de 2022
863/2022	13-05-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 19 de maio de 2022
864/2022	13-05-2022	Aprobación admitidos Programa Vente de Marcha; Ruta 152: A Lagoa de Antela e Lagoa das Millaras
865/2022	13-05-2022	Orde de execución pola existencia de pozo con risco para as persoas. Lugar: Espírito Santo. Propietario: E.S.L.
866/2022	13-05-2022	Reposición da legalidade urbanística a J.M.R. por vertido de augas pluviais en Rueiro - Cela.
867/2022	13-05-2022	Orde de execución pola existencia de anacos de cristais fixados no muro de peche dunha parcela sita en San Paio - Brexo. Propiedade: C.U.N. e M.R.G.
868/2022	13-05-2022	Orde de execución a G.H. polo depósito de materiais residuais en terreo sito en Nebrixe – Bribes. (Antigo complexo hosteleiro O Bosque)
869/2022	13-05-2022	Aprobación de solicitude de subvención de Muralismo á Deputación 2022
870/2022	13-05-2022	Licenza de primeira ocupación para o cambio de uso do local para 6 estudos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de uso residencial, sito na rúa Curros Enríquez – O Temple
871/2022	13-05-2022	Lista provisional e designación do tribunal de concurso para a selección dun informador xuvenil
872/2022	16-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola ocupación de vía pública, sen título habilitante en edificio sito na rúa Constitución - O Temple. Propiedade. A.S.L.
873/2022	16-05-2022	Convenios de colaboración entre o Concello de Cambre e empresas para a realización de prácticas profesionais do alumnado do Plan AFD 2021-2022. Especialidade: Soldadura con electrodo revestido e TIG nº 4255
874/2022	16-05-2022	Aceptación de subvención Ler Conta Moito (programación e gasto)
875/2022	16-05-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 98.820,31 €
876/2022	16-05-2022	Nomeamento de docente para impartir: "BAE 2.0" no Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III
877/2022	16-05-2022	Expediente de incorporación de remanentes 21/2022
878/2022	18-05-2022	Licenza de edificación para construción de vivenda unifamiliar illada no lugar de Lendoiro - Cecebre. Promotora: M.L.B.P.
879/2022	18-05-2022	Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2021-2022 - Mes de maio
880/2022	18-05-2022	Orde de execución polo vertido de augas pluviais ao espazo público en Enxertos - Sigrás. Titular: J.A.E.G. e P.L.P.
881/2022	18-05-2022	Aprobación de certificacións de obra núm.1 e 2 do proxecto básico e de execución de adecuación funcional Hora do Cura - Cambre
882/2022	18-05-2022	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 12.453,57 euros
883/2022	18-05-2022	Contratación de Music Arte Rey Saavedra, S.C.; Actuación "Eduardo Coma. String". Rede Cultural
884/2022	18-05-2022	Aprobación de certificación da liquidación da obra "Actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santa María de Vigo"
885/2022	18-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola construción dun peche na parcela sita en Lendoiro - Cecebre. Titular: F.M.R. e M.P.G.C.
886/2022	18-05-2022	Asignación de número de policía en Coruxos - Meixigo
887/2022	18-05-2022	Nova resolución para solicitude de subvención de Muralismo 2022 con rectificación da cantidade a solicitar
888/2022	18-05-2022	Celebración voda civil o día 21 de maio de 2022, ás 13:30 horas.
889/2022	18-05-2022	Devolución de ingresos indebidos por pago de taxa por expedición de documentos (P.A.M.)
890/2022	18-05-2022	Comparecencia no Xulgado do Social nº 4 da Coruña, procedemento 203/2022 de J.L.F.V. contra a empresa Osventos Innovación en Servizos, S.L. e o Concello de Cambre.
891/2022	19-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a H.P. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
892/2022	19-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentos a J.C.H.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
893/2022	19-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.E.P.N. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
894/2022	19-05-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de M.M.L.

895/2022	19-05-2022	Contratación Sarabela, S.L.; Espectáculo "O secuestro da bibliotecaria". Rede Cultural
----------	------------	-------------------------------------------------------------------------------------------

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das seguintes propostas:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000004, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Mellora funcional do espazo exterior do centro social de Pravio", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000006, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de adxudicación de apreciación automática), correspondente á obra "Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas no Souto, Anceis, Cambre"
- Proposta de adxudicación do contrato menor para a produción de espectáculos "Dixie Kings Feat Party Lesta" e "Concerto de música latina". Rede Cultural 2022. Expediente: 2022/C002/000043

sendo aprobada a urxencia das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000004, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra "Mellora funcional do espazo exterior do centro social de Pravio", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno da Deputación Provincial, na sesión realizada o 27 de novembro de 2020, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, as cales foron publicadas no BOP núm. 205, do 1 de decembro de 2020. As bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

O Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, e aprobar a inclusión no dito plan do proxecto denominado "Mellora funcional do espazo exterior do centro social de Pravio", cun orzamento de 34.994,31 euros (IVE incluído).

Con data 15 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indicaban diversas incidencias que foron corrixidas polo seu redactor, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, con data 28 de abril de 2021.

O proxecto "Mellora funcional do espazo exterior do centro social de Pravio" (Decembro de 2020 – Corrixido abril 2021), elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento base de licitación de

34.994.31 euros (IVE incluído), foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 29 de abril de 2021, e ratificado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 27 de maio de 2021.

Na sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2021, o Pleno da Deputación Provincial aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", no marco das Bases reguladoras anteriormente citadas. Transcorrido o prazo de exposición e información pública sen que se presentasen reclamacións nin alegacións, o Plan quedou definitivamente aprobado, segundo consta na circular complementaria remitida pola Deputación Provincial o día 21 de xullo de 2021.

De conformidade co disposto na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", de data 2 de xullo de 2021, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 26 de febreiro de 2021, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 42, do 4 de marzo de 2021, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Mellora espazo exterior do Centro Social de Pravio	34.994,31 €	0,00 €	34.994,31 €

Consta o documento de retención de crédito emitido o 23 de marzo de 2022 pola Intervención municipal, con número de operación 17/2022-220210002695, con cargo á aplicación 933.63200 *Reforma edificios Patrimonio*, por importe de 35.000,00 euros.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido, con data 24 de marzo de 2022, polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Consta a acta de replanteo asinada polo redactor do proxecto, o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, con data 5 de maio de 2022.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de data 23 de maio de 2022, que contén, entre outros extremos: a proposta de procedemento, clasificación, xustificación de non división en lotes, criterios de adxudicación, orzamento e valor estimado do contrato, e medios persoais e materiais necesarios.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 23 de maio de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, adscrita a Secretaría, co conforme do secretario accidental e do interventor municipal, de data 23 de maio de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que o concello pretende levar a cabo as actuacións e obras necesarias para recuperar, protexer e mellorar o espazo e as construcións auxiliares do centro social de Pravio, cumprindo así o concello coas competencias que lle atribúe o artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local [d) (...) *outros equipamentos da súa titularidade*] e, polo tanto, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000004, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente a:

- Obxecto do contrato: “*Mellora funcional do espazo exterior do centro social de Pravio*”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ 2021
- Orzamento base de licitación: 34.994,31 euros (IVE incluído)
- Valor estimado: 28.920,92 euros
- Prazo de execución: 3 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021), (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 34.994,31 € por conta da aplicación orzamentaria 933.63200.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

- Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós
- Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López e, como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000006, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de adjudicación de apreciación automática), correspondente á obra "Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas no Souto, Anceis, Cambre"

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 14 de febreiro de 2022 asínase pola enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, o proxecto denominado "Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas no Souto, Anceis, Cambre", cun orzamento base de licitación de 43.771,75 € sen IVE, 52.963,82 € IVE incluído, proxecto que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada con data 26 de abril de 2022.

Consta Acta de replanteo asinada pola redactora do proxecto con data 27 de abril de 2022.

Con data do 29 de abril de 2022 emítese informe polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se indica que *"dado que os traballos realizaranse sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, e que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, dende o punto de vista urbanístico, considerase viable"*.

Con data do 5 de maio de 2022 emítese informe pola Intervención Municipal no que expón que, tal e como se contempla na disposición adicional 3^a.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, é posible a tramitación anticipada do expediente, dado que con data 25 de xaneiro de 2022 se publica a resolución de 29 de decembro de 2021 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, que establece unha asignación máxima para o Concello de Cambre de 43.772,00 euros (IVE non subvencionable), puntualizando que *"Aunque a fecha actual no se ha publicado todavía la resolución de concesión de la subvención se entiende que la probabilidad de concesión de la misma por el importe total del proyecto, impuestos indirectos excluidos, es muy alta. Dicha subvención incrementaría el crédito existente en la partida 454 61900 Otras inversiones de reposición de caminos vecinales"*.

Engade que se debe advertir nos pregos que a adxudicación do contrato queda suxeita á condición suspensiva da efectiva concesión da subvención e *“Por lo tanto ser recomienda establecer como plazo máximo para desistir del contrato si 3 meses después de la aprobación de los pliegos no se puede certificar la existencia de crédito por parte de intervención”*, indícase explicitamente que en caso de non concederse a subvención o licitador non terá dereito a indemnización ningunha.

Consta documento de retención de crédito expedido pola Intervención municipal con data 5/05/2022 con cargo á aplicación orzamentaria 454 61900 “Outras inversións de reposición de camiños veciñais”, por un importe de 9.192,07 euros correspondentes ao 21% do IVE, concepto non subvencionable segundo consta nas bases da antedita subvención.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 23 de maio de 2022, respecto da aplicación do procedemento de adxudicación a utilizar (procedemento aberto simplificado con aplicación dun único criterio de adxudicación avaliábel mediante fórmulas, a oferta económica), a clasificación substitutiva de solvencia, o orzamento base de licitación do contrato, o valor estimado do contrato e os medios persoais e materiais que, co carácter de mínimos, son necesarios para a correcta execución do contrato.

Consta a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta, igualmente, informe proposta emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade do secretario accidental mais o interventor municipal, ao que se achega o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a presente contratación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende basicamente levar a cabo diversas obras de mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas no Souto, Anceis, Cambre.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (*“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) infraestructura viaria...”*), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en todos os municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/1985, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000006, por procedemento aberto simplificado (cun único de criterio de adxudicación de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:



- Obxecto do contrato: Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre
- Orzamento base de licitación: 52.963,82 €
- Valor estimado: 48.148,92 €
- Prazo de execución: 4 semanas

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na disposición adicional 3ª, punto 2, da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que o presente contrato está condicionado á efectiva concesión da subvención convocada por medio da resolución de 29 de decembro de 2021, publicada o 25 de xaneiro de 2022, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, que establece unha asignación máxima para o Concello de Cambre de 43.772,00 euros (IVE non subvencionable). Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, a adjudicación do presente contrato queda suxeita á condición suspensiva da efectiva cesión da subvención no prazo máximo de 3 meses dende a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares. En caso contrario, o Concello poderá desistir da tramitación do expediente de contratación, sen que o licitador teña dereito a indemnización algunha.

Cuarto: Aprobar o gasto correspondente ao 21% do IVE do proxecto (gasto non subvencionable) por conta da aplicación orzamentaria 454 61900 "Outros investimentos de reposición de camiños veciñais", condicionado á efectiva concesión da subvención solicitada.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A concelleira-delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.
 - O enxeñeiro de camiños, xefe da sección de servizos, don Óscar Souto Muíño, e como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adjudicación do contrato menor para a produción de espectáculos “Dixie Kings Feat Party Lesta” e “Concerto de música latina”. Rede Cultural 2022. Expediente: 2022/C002/000043

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 26/04/2022 asínase polo técnico coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta e informe de necesidade”, correspondente á “Produción de espectáculos “Dixie Kings Feat Paty Lesta” e “Concerto de música latina”. REDE CULTURAL Rede Cultural 2022”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada” elaborado polo técnico coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, no que se motiva a necesidade do contrato, cun orzamento de licitación de 6.400,00 euros sen IVE, 7.744,00 euros IVE incluído, e prazo de execución de 1 día laborable por cada actividade (18 e 19 de xuño respectivamente).

Con data de 20 de abril de 2022 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 334 22609 (Actividades culturais).

Con data 09/05/2022 emítase informe de selección de contratista asinado polo técnico coordinador da Área de cultura, deportes e xuventude no que consta que no expediente foi invitado o seguinte licitador:

- Patricia García Lesta

que presentou a oferta que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta IVE incluído
Patricia García Lesta	7.744,00 €

formulando a seguinte proposta:

Adxudicar o contrato menor a Patricia García Lesta con NIF: 46915***Y, no prezo ofertado de 6.400,00 € sen IVE, 7.744,00 € IVE incluído.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data do 18 de maio de 2022, e mailo informe de fiscalización NÚM. 226/2022, emitido polo interventor da Corporación con data do 23 de maio de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, conforme se estipula no artigo 25.2. l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Proposta e informe de necesidade” asinado polo técnico coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente ao servizo da produción de espectáculos “Dixie Kings Feat Paty Lesta” e “Concerto de música latina”. Rede Cultural 2022.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 334 22609 (Actividades culturais).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2022/C002/000043, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

Cuarto: Adxudicar o contrato menor relativo ao espectáculo “Dixie Kings Feat Paty Lesta”, que se celebrará o vindeiro 18 de xuño de 2022 ás 21h, e ao “Concerto de música latina”, que se celebrará o 19 de xuño de 2022 ás 20h, no Parque da Igrexa de Cambre (Programa Escena ao Vivo-Música, da Rede Cultural 2022), a Patricia García Lesta, con NIF: 46915***Y, no prezo ofertado de 6.400,00 € sen, IVE, 7.744,00 € IVE incluído, por ser o representante en exclusiva dos artistas.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, don José Luís Martínez Nazara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López